



Concello de Cangas

Expediente núm.: 6369/2019

Procedemento: Proceso de selección PS-19/15 Técnico de Turismo Substitución por baixa por IT

Asunto: Publicación resolución contratación e aprobación listado substitucións

PUBLICACIÓN: Por medio do presente publícase o Decreto núm. 2020/0221 de 14/02/2020 co seguinte contido:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

RESOLVO:

Visto que ao remate do proceso de selección convocado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 02/12/2019 pola que se aproban as bases e se convoca o proceso selectivo para a selección e posterior contratación en substitución dunha praza de TÉCNICO/A DE TURISMO para o Concello de Cangas polo sistema de oposición libre, en aplicación do disposto na base sétima do documento que rexeu o proceso de selección o Tribunal responsable da selección fixo pública e elevou a súa proposta a esta Alcaldía o día 13/02/2020.

Visto o disposto nas bases da convocatoria procede efectuar a contratación da persoa proposta en réxime de contrato laboral temporal, na modalidade de interinidade para a cobertura da baixa do empregado deste Concello Cristina Padín Martínez polo período de duración desta e no mesmo réxime da praza que se substitúe.

Igualmente, segundo o disposto nas bases, procede aprobar a lista de agarda proposta polo Tribunal para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes que obtiveron a contratación, así como para cubrir as novas necesidades de contratación do persoal laboral temporal do servizo durante os dous anos a contar dende a data na que se aprobe a presente resolución.

Os chamamentos da lista efectuaranse seguindo a orde do listado aprobado. En caso de renuncia inxustificada dos aspirante de acordo co disposto na base sétima, suporá a exclusión do mesmo da lista salvo que achegue xustificación suficiente no prazo de 10 días hábiles a contar dende a data do chamamento.

En virtude do anteriormente exposto en aplicación das facultades que me confire a lexislación vixente en particular no disposto nos apartados g) e h) do artigo 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aceptar a proposta formulada e proceder, previa comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases, á contratación de Beatriz Iglesias Barreiro DNI 52495699Q en réxime de contrato laboral temporal, na modalidade de interinidade para a cobertura da baixa da empregada deste Concello Cristina Padín Martínez con data de efectos dende o 17/02/2020 e ata a reincorporación da substituída e no mesmo réxime da praza que se substitúe.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 95L9HYW33Y7DMPKZJM6R3RWFP9 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

SEGUNDO: Aprobar igualmente de acordo coas bases a lista de substitucións que ten a composición e orde que a continuación se establece:

APELIDOS E NOME	DNI
OTERO DESOJO, NURIA TERESA	****0250**
LEITES CORDEIRO, NICOLE	****1922**
PRADO GONZÁLEZ, LUCÍA	****1813**
DURÁN LAGARES, ALEXIA	****2189**
MONTENEGRO RIVAS, SHEILA	****0012**
PAZ FERNÁNDEZ, ILDA MARÍA	****3671**
RODRÍGUEZ PÉREZ, ANDREA	****8751**
OSORIO TELLE. VIRGINIA	****8330**

TERCEIRO: Publicar a presente resolución xunto cos recursos procedentes fronte a mesma e dar traslado da mesma ao Comité de Empresa, á Intervención e ao Negociado de Persoal deste Concello.”

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 95L9HYW33Y7DMPKZJM6R3RWFP9 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2